

OBSERVACIÓNS: As seguintes persoas non figuran no último censo actualizado.

- María José Durán Dominguez
- Xosé Antón Dorrío Vazquez
- Alberto Cremades Díaz

Para os interesados: enviamos xa un e-mail pedindo que aclaredes isto con EQUO. Agradeceríamos que o solucionedes canto antes.

Foto (opcional)	Nome	Provincia	Presentación persoal	Vinculación con EQUO	Razóns para presentarse
	Vicente Otero Santiago	A Coruña	Son o máis juapo, teño unha voz forte e sempre estou criticando así que son perfecto para deputado da oposición	Estouno deixando.	Criticar este sistema de elección, no que se está a limitar o debate político e a presentación de candidatos. Non hai un medio de traballo no que se poidan presentar os simpatizantes, non hai xeito de explicar un programa político, ideas e traballo en 150 palabras. E inda por riba se quita a posibilidade de que a xente que se presenta seriamente poida enlazar a lugares onde si poida presentarse como é debido. Isto non é xeito de facer unhas primarias.
	Rafael Campos Gey	A Coruña	Soy diplomado en educación infantil y educación física y actualmente trabajo en un centro de menores en la ciudad de A coruña. Mi vida esta muy relacionada con la naturaleza y los deportes debido a mi formación y mis estudios. Una de mis principales virtudes es el carácter empático con la gente que me rodea lo cual pongo en práctica en mi trabajo	Nace de la falta de identificación con otros partidos y la falta de confianza en los idearios políticos conocidos hasta la fecha. Debido a mis aficiones siempre he tenido una vinculación fuerte con la naturaleza y el respeto del medio ambiente. Esto siempre lo he defendido en la educación de nuestros jovenes, ya que entiendo la escuela como un lugar donde se enseña algo más que el saber,entendiendo este como los contenidos , enseñando también el saber hacer o el saber estar.	Me presento con el objetivo de solucionar el problema desde dentro, poder aportar algo nuevo a esta política tan y tan desgastada. Viendo que los recortes que se están haciendo en educación son intorelables.

Foto (opcional)

Nome

Provincia

Presentación persoal

Vinculación con EQUO

Razóns para presentarse

Benjamín Garrido Rivas

A Coruña

Son traballador da once como axente vendedor do cupón pro cegos levo en equo dende decembro do 2011 que foy cando me afillei.

Xa estiven en outro partido que defendía os dereitos dos animais pero non os dereitos das persoas polo que me tuben que dar de baixa e faláronme de equo que tamen ten cousas animalistas entre outras cousas e dado que levo unha asociación ecoloxista e animalista, pois estaría interesado en presentarme a estas eleccións para poder loitar contra o maltrato dos animais de todo tipo dende os circos, os curros, as festas populares nas que se utilicen animais como poden ser as touradas etc. E os experimentos con animais e suprimi-los zoos.

leveí catro anos como delegado pola coruña no outro partido no que denunciei varios maltratos a cans así como conseguín mobilizar a xente da coruña para manifestarnos tódolos anos pola festa de maría pita en contra das corridas de toros xa que aínda agora nos estamos manifestando.

si saio elixido para ser candidato as eleccións galegas me gustaría propoñer a equo que se promova unha ilp como a de cataluña para prohibi-las touradas saudíños



Luis Manuel Ledo Regal

A Coruña

Nacín en Chantada, Lugo, en 1963 e vivo na Coruña desde 1999. Son licenciado en Filosofía pola UNED, en Ciencias Físicas pola UPV-EHU e diplomado en Estudos Avanzados de Filosofía pola USC. Son delegado sindical da CIG e declárome ecosocialista e galeguista. Tamén son o autor da exposición itinerante ¿Deja la Ciencia Sitio para Dios? para a asociación Iniciativa Atea, exposición que xa estivo en diversas cidades de España. Colaboro ademais con artigos de opinión no xornal dixital praza.com .

Pertenzo a EQUO Galicia desde o principio e axudei a súa posta en marcha. Fun na lista de EQUO ás xerais de 2011 pola Coruña e colaborei coa Mesa Provisional ata o verán, encargándome de dinamizar a redacción do programa electoral para as autonómicas galegas. EQUO é un partido necesario cun espazo político propio e temos que conseguir que creza todo o posible para defender as nosas posicións de ecoloxía política, de equidade social, de sustentabilidade e en defensa dos dereitos civís.

Presento a miña candidatura porque os que levamos meses apoiando unha coalición electoral para as autonómicas podemos defender agora a participación de EQUO nunha candidatura da esquerda alternativa mellor que os mudaron de opinión no último momento ou seguen a pensar que é un erro e que deberíamos ir en solitario.

Un proxecto político non se constitúe só acertando nas propostas políticas senón tamén tendo unha estratexia que leve a un crecemento continuo e non á falta de utilidade política. A forma máis eficaz de que as nosas propostas cheguen a realizarse na sociedade é a de metelas nos programas electorais das coalicións que podamos formar con partidos afíns mentres sexamos unha forza política "testimonial", como nos cualifican nos medios de comunicación (EQUO Galicia apareceu nos medios máis veces na última semana que nos seis meses anteriores). Imos polo bo camiño, imos conseguir que EQUO Galicia creza e se afiance.

Foto (opcional)**Nome****Pablo Otero****Provincia**

A Coruña

Presentación persoal

Son Pablo Otero, vivo na Coruña e teño 25 anos. Estudiei Adm. e Dirección de Empresas na UDC e en Eslovenia, e especialiceime na Responsabilidade Social Corporativa. Tamén estudiei en Asturias, e traballei en actividades de fundraising para oenegués. Actualmente traballo no Departamento de RSC dunha empresa textil.

Levo implicado en organizacións xuvenís progresistas máis de dez anos, sobre todo na Universidade (IESGA), sendo representante de estudantes en todos os niveis. Participei e numerosas actividades do 'Consejo de la Juventud de España' (Cumbre Iberoamericana do Augua, Obradoiro de Empoderamento da muller, Politeias xuvenís...) Tamén colaborei en asociacións europeístas (AEGEE) e en ONG como voluntario. Son socio de WWF, Greenpeace e Solidaridade Internacional. Falo inglés e francés.

Vinculación con EQUO

Participei nas primeiras reunións de EQUO na Coruña e Santiago e son simpatizante dende hai máis dun ano. Cansado (e moi desilusionado) cos grandes partidos, das súas políticas e falta de democracia, encontrei en EQUO o que tanto buscaba. Vincularse a EQUO non é difícil se o teu pensamento comulga con cada letra do seu Manifesto e do seu programa. Hai pouco din un paso adiante e afilieime. Veño con moitas gañas de que isto saia adiante entre todos. E a UniVerde de Vitoria na que participei foi un boísimo impulso. Participo activamente na Equominidade e intento crear un bo ambiente de traballo na comarca da Coruña. Para min EQUO é una alternativa fóra da política tradicional que une valores e respecto ás persoas e ao medio ambiente, onde as nosas ideas e representantes sirvan á xente, e non ao revés. Isto, desgraciadamente, é revolucionario.

Razóns para presentarse

Antes de nada, non sabemos en qué vai quedar a coalición. Todos deberíamos presentarnos por se temos que ir en solitario. Para mín, democracia e participación veñen na mesma man. Non podemos pedir á cidadanía que participe, que vote, que 'reinicie' se nós non implicamonos máis. Demos un paso adiante! Podo aportar experiencia na política (moitos anos de militancia) a pesares de ter 25 anos. Coñezo os movementos xuvenís e os LGTB. Hai que organizar pequenos actos nas comarcas co fin non só de explicarlle á xente que somos, senón escoitar qué quere a cidadanía, cáles son as súas inquedanzas. E tamén crear sinerxias entre nós, crear partido. Imos despacio, pero imos lonxe.

**Jesús Pérez Balirac**

A Coruña

Na actualidade son un traballador público que exerce o seu traballo na Consellería de Medio Rural e xerente dunha empresa de turismo rural (familiar), así como delegado sindical, durante a miña vida laboral traballei como Inspector de Consumo, como axente de seguros, como comercial dunha empresa de prevención e extinción de incendios e como director de contabilidade dunha empresa constructora. Son pai de 3 fillas de 23, 20 e 15 anos.

Entre outras moitas, porque este sistema obliganos a entrar na política para poder cambiar o mundo no que vivimos (son as regras de xogo actuais). Considero que os sistemas económicos coñecidos ata o de agora (comunismo e capitalismo) así coma as ideoloxías que os sosteñen están caducos, penso que a sociedade ten que evolucionar hacia un novo concepto que eu defino como MODELO ECO-SOCIAL e que consiste no respecto, equilibrio e mellora da vida de cada unha das persoas tanto co entorno natural coma co entorno social, algo que na actualidade e coas políticas que se están a levar a cabo non ocorre. O ser humano ten unha gran obriga coa natureza no seu mantemento e mellora, non no seu deterioro; e unha obriga maior cos seres humanos que o rodean, e non usar sistemas represivos que leven a escravizar as persoas para que sirvan aos propósitos duns poucos, que é o que está a contencer na actualidade.

Foto (opcional)

Nome

Provincia

Presentación persoal

Vinculación con EQUO

Razóns para presentarse



Mª Asunción Couto Carril

A Coruña

Quixera presentarme coa fin de seguir loitando neste proxecto de equo co que tan identificada me sinto.

Actualmente formo parte da secretaria da mesa promotora galega e somentes podo decir que seguirei traballando porque fagamos historia.

Considero que e necesario unha renovación etica do estamento politico,asi como un cambio total das politicas económicas,sociais,enerxeticas e medio ambientais que se estana levar a cabo polos diferentes gobernos que houbo ata o de agora.

E por iso polo que presento a miña candidatura.



Juan José Maraña González

A Coruña

Consultor, escritor y activista no eido dos dereitos humanos (primordialmente no MVI, Movemento de Vida Independente), traballei durante máis de vinte e cinco anos en diversas organizacións sociais e de persoas con diversidade funcional tanto de carácter rexional, nacional como internacional, desenvolvendo tanto tarefas organizativas como de xestión de proxectos, especialmente os relacionados coa teleformación vinculados a distintas iniciativas da Unión Europea (HORIZON I e II, HELIOS II, LEONARDO, PHARE-LIEN, etc.). Actualmente colaboro na Asociación Iniciativas e Estudos Sociais e son membro do Foro de Vida Independente e Divertade dende os seus inicios (2001).

Autor e coautor de varios libros, publiquei tamén artigos en diversas revistas especializadas e teño participado en publicacións en materia de diversidade funcional (discapacidade) e Vida Independente e fun ponente en distintos congresos e seminarios nacionais e internacionais.

Na miña actividade como consultor, traballei como avaliador da Comisión Europea (DG-V) e realicei tarefas de asistencia técnica para esta entidade, a European Network on Independent Living (ENIL), o European Disability Forum (EDF), o IMSERSO e outras entidades públicas e privadas. Actualmente, son pensionista.

Creo poder achegar un enfoque desde a diversidade funcional (discapacidade) á política ecolóxica e social baseada na experiencia. Creo poder contribuir nalgunha medida ao deseño de estratexias políticas capaces de acomodar o respecto á diversidade e os dereitos humanos nos decisivos cambios que impoñen a actual crise económica e o desmantelamento do estado de benestar.

Foto (opcional)



Nome

Marita Iglesias Padrón

Provincia

A Coruña

Presentación persoal

Formadora y experta en temas de violencia, género y diversidad funcional (discapacidad).
Activista en movimientos sociales relacionados con la diversidad funcional desde hace más de 30 años defendiendo el modelo de Vida Independiente en contraposición al asistencialista de la política social actual. Larga experiencia en proyectos de distintas Iniciativas de la Unión Europea, entre los que destacan los relacionados con la violencia sobre mujeres pioneros en España y precursores de posteriores iniciativas y estudios en el ámbito de la mujer con diversidad funcional a nivel nacional e internacional. Formó parte del equipo de expertas creado por el Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales para el diseño y puesta en marcha del I Plan de Acción para las Mujeres con Discapacidad. Coordinadora del Grupo de Discusión sobre Violencia dentro de la Red Internacional de Mujeres con Discapacidad (INWWD).

Vinculación con EQUO

Razóns para presentarse

Afiliada a EQUO desde el inicio. Participo en el Grupo Local de Compostela por residir en el Concello de Vedra. Mi decisión de presentar mi candidatura obedece al interés por ver que EQUO integra todas las voces posibles y, entre ellas, la de las mujeres con diversidad funcional. Creo que puedo aportar un valor añadido al feminismo, a la ecología política y social y al movimiento “verde”.


Iago Alexandre López Álvarez

A Coruña

Licenciado en Ciencias Políticas, traballo dende hai 7 anos de administrativo na Administración local. Dedico boa parte do meu tempo libre a música (formo parte de dúas agrupacións), polo que o tempo que teño para adicar a Equo é algo limitado. Inda así, penso que si todos arrimamos o ombro un pouco, será moito máis doado que unha formación tan necesaria como Equo poida consolidarse como unha alternativa sería.

Dende a primeira presentación que se fixo na Coruña en xuño do pasado ano, asistín a meirande parte das asembleas e actos que se foron facendo. Son moderador do grupo da Coruña na Equo comunidade. Nunca militei en ningún partido anteriormente, pero a proposta de Equo sí conseguíu convencerme, pois representa a perfeccións as ideas e valores nas que creo: ecoloxía política, equidade social, democracia realmente participativa, novas formas creativas e amables de facer política...

Non me gustaría figurar nos primeiros postos da lista, pois seguramente haberá compañeir@s mellor preparados e con máis tempo libre, pero penso que é importante que exista concorrencia e candidaturas diversas onde escoller.

Foto (opcional)**Nome****Provincia****Presentación persoal****Vinculación con EQUO****Razóns para presentarse****Emilio M. Sánchez Cobas**

A Coruña

Nacido en Barcelona, y residente en Curtis desde el año 95, con Bachiller Elemental, casado, padre de familia, y trabajando en una empresa de la madera, mileurista, de izquierdas y respetuoso con el Medio Ambiente.

Me afilie el pasado año a EQUO por ser un partido nuevo, que parece albergar una ideología en sus miembros respetuosos con la ciudadanía, la sociedad y la Naturaleza, y por qué no está contaminado por las clases políticas de siempre, y su vinculación a los ciudadanos por red, así como su actitud abierta a todos.

Mi dedicación hasta la fecha ha sido pasiva, pretendía tan solo dar mi apoyo económico y hacer un seguimiento de su desarrollo.

Estoy viendo que la clase política, es una especie de casta, que se cree superior al resto de los mortales ciudadanos, y toman sus decisiones basándose en sus abultados niveles de vida, pensando en sus amigos, y siempre protegiéndose unos a otros como una MAFIA.

Y como ciudadano veo a muy pocos políticos que piensen en nosotros, así que deberíamos ocupar, al menos, la mitad + uno de sus puestos de trabajo. Estoy convencido, que es imposible hacerlo peor que ellos. Me importan los ciudadanos, su sanidad, su educación, y vivir una vida digna siendo más igualitarios y equitativos.

Lo de enviar a los parados ha reforestar los bosque quemados, es la gota que ha colmado mi vaso. Quienes irán después, los reclusos, los que no van a misa los domingos, los solteros sin hijos, o los que no ven el futbol los domingos por la tarde...

Suerte a todos, candidatos y ciudadanos, y un saludo

María José Durán Domínguez

A Coruña

Informática de formación e de profesión ata o ano pasado. Agora mesmo comezando un proxecto persoal máis relacionado co mundo ecolóxico e sostible no que me gustaría vivir.

As miñas razóns para presentarme son simplemente axudar a Equo a seguir adiante para que nun futuro esperemos que non moi lonxano sexa unha opción de voto para moitas máis persoas e poidamos así cambiar algunhas das políticas levadas a cabo ata o de agora e que nos queren levar a unha maneira de vivir egoísta e insostible.

Foto (opcional)**Nome****Xesús Fernández Neira****Provincia**

A Coruña

Presentación persoal

Enxeñeiro agrónomo e licenciado en Matemáticas, ctualmente exerzo como profesor de ensino secundario de Matemáticas en Santiago de Compostela.

Participei nas reunións de Hondarribia 2.0 en Gijón os días 4 e 5 de outubro do 2008 e Hondarribia 3.0 en Cabañas de Polendos (Segovia) o 10 e 11 de xaneiro do 2009 onde intentabamos aglutinar ao disperso movemento verde do Estado. Fruto deses movementos é o noso partido eQuo.

Socio de Greepeace dende o ano 2000 e da asociación Vida Sana precursora da divulgación das ventaxas da Agricultura Ecolóxica por todo o Estado. Teño o curso de Agricultura Ecolóxica da asociación Vida Sana.

Vinculación con EQUO

Afiliado de eQuo dende o momento en que se constitueu como partido o pasado ano 2011. Participei na Asemblea Constituinte de EQUO, celebrada os días 8 e 9 de outubro do 2011 en [Rivas-Vaciamadrid](#), e como delegado no pasado I Congreso os días 7 e 8 de xullo do 2012

Son coportavoz da Mesa Promotora de Equo Galicia e membro do grupo local de Santiago.

Estou en eQuo porque como ben dí Manfred Linz no libro : " VIVIR (bien) CON MENOS "

" Unha vida social e económica orientada hacia a conservación de recursos.... non perturba o bon funcionamento económico, nin moito menos arruina a economía. Abre novos e duradeiros sectores de actividade, preserva os fundamentos naturais da vida e con elo contribúe á xustiza ecolóxica mundial. Pode vincular o traballo remunerado e a autoactividade, e desactivar o peligro do actual desempleo masivo gracias ao reparto solidario do traballo remunerado "

Saúdos a todos

Daniel Bóveda Castro

A Coruña

Estudei Ciencias Políticas e da Admón e traballo como Mediador Intercultural nunha ONG, considérome unha persoa que lle importan os asuntos sociais e que a democracia é máis que ir a votar cada catro anos. Non concibo a vida sen sentido do humor e intento aplicalo en todas as facetas da miña vida, aínda que se toca traballar, son serio como o que máis. Vinculeime dende neno os movementos asociativos ben de barrio ou máis globais coma GREENPEACE. Por último, gustaríame resaltar que son unha persoa que lle gusta a interculturalidade e aprender cousas

Dende que naceu o proxecto de EQUO veño interesado polo que facía e polo que se decía. Creo que o momento de dar un paso adiante, e meterme neste partido porque é o que me representa no contexto de crise, un partido que defende as persoas por enriba dos cartos. Ademáis creo que mide as cousas non só polo custe económico, senón polo social e ecolóxico. Cree na democracia participativa, cousa que reitero esencial nas miñas ideas e que esta sociedade debería empaparse máis.

Razóns para presentarse

Preséntome as primarias porque é unha época de responsabilidade colectiva pero tamén individual para cambiar as cousas e por fin a este modelo de xestión sen sentido e insosteyible. Creo que debemos intentar facer máis sen mirar o que fai o outro e ademáis creo que EQUO é o partido que representa os meus ideais, que mira polo ben do noso Medio Ambiente, pero sen deixar de lado temas tan importante como sanidade, educación ou a economía. Unha economía que está perversa polos mercados e que deixa de lado as persoas. Dende logo presentome porque creo no proxecto, e estou ilusionado, motivo polo cal gustanme facer as cousas, con implicación e ilusión.


Foto (opcional)	Nome	Provincia	Presentación persoal	Vinculación con EQUO	Razóns para presentarse
	María Fe Rodríguez Vázquez	Lugo	<p>sempre de todas e todos.</p> <p>Axente facultativo medioambiental da Consellería de Medio Ambiente. Demostrado está que o sistema político actual non funciona, a mellor maneira de cambialo e acercándose a él.</p>	<p>A día de hoxe simpatizante de EQUO, dou o o meu apoio as vosas propostas, as cales comparto totalmente.</p>	
	Jose Julio Des Diz	Lugo	<p>Nacido o 18 de Febreiro de 1965, vivo en Monforte de Lemos (Lugo). Médico experto en Nutrición Funcional e Saúde, especialista en Oftalmoloxía, doutor en Enxeñaría Informática. Socio de Green Peace, Amnistía Intenacional, Praza Pública, Fiare Galiza, Seminario Galego de Educacion para a Paz, activista do 15 M e das redes sociais, promotor de Espazo Ecogaleguista, etc...</p>	<p>Son socio de EQUO dende mediados do 2011</p>	<p>Gustaríame apoiar unha alternativa de progreso renovadora, ampla e ecosocialista en Galicia.</p>
	Marcos Besada Álvarez	Lugo	<p>Teño 30 anos. Son Enxeñeiro Técnico Agrícola pola Universidade de Santiago de Compostela co mestrazgo en Agricultura Ecolóxica pola Universidade de Barcelona. Os últimos anos levo formándome no eido da Agroecoloxía e fai pouco emprendín un proxecto neste senso, o Espazo Agroecolóxico A Estruga en Viveiro (Lugo), co fin de divulgar e promover o consumo de produtos ecolóxicos de proximidade e revalorizar o Medio Rural galego como espazo xerador de emprego aproveitando as magníficas e diversas condicións climatolóxicas que posúe a nosa CC.AA. a través de premisas como a Soberanía Alimentar, Respeto Medioambiental e Xestión do Territorio.</p>	<p>Simpatizante, aínda non estou afiliado. Estou agardando a mudar o meu padrón.</p>	<p>Aínda que son nado en Tui (Pontevedra), levo 12 anos vivindo en Lugo con esporádicas estancias fora da Galiza. Teño pensado mudar o meu padrón próximamente para poder impulsar a presenza de EQUO na provincia e sentirme plenamente representado no momento de facer uso do meu dereito a votar. Gustaríame formar parte dun comité de ideas que poda axudar a impulsar o proxecto de EQUO e espallalo na nosa comarca que, como antes mencionei, non hai ningunha agrupación política que me represente.</p>

Foto (opcional)**Nome****Fernando Rodríguez López****Provincia**

Lugo

Presentación persoal

Son unha persoa que estivo toda a vida acumulando experiencia en moitos e variados postos de traballo e en actividades lúdicas, deporte, música... Vivín trece anos en Madrid, un ano en Valencia e outro ano en Inglaterra. Non poseo títulos relevantes pero teño ampla experiencia en Informática, en Inglés, en Francés, en Electrónica, en Contabilidade, en Loxística entre outras moitas pero sobre todo na vida no campo galego coa que me curtín sendo ben novo. Este ano rematei 4º de Socioloxía na UNED, xa que debezo por coñecer o mundo no que vivo e implicarme nel da mellor maneira posible a ver si consigo facelo un pouco mellor.

Vinculación con EQUO

Son militante de EQUO dende o ano pasado e aínda que non comecei moi decidido seguindo os primeiros pasos de EQUO Galicia, creo que é agora cando me chegou o momento de implicarme dunha maneira activa e efectiva con EQUO Lugo e EQUO Galicia.

Razóns para presentarse

O meu firme compromiso de colaborar con EQUO de maneira humilde, racional e sobre todo idelóxica para conseguir as metas que entre todos se vaian fixando.

**Xosé Antón Dorrió Vázquez**

Ourense

Estou vencellado a política dende moi mozo, dende a época de preuniversitario. Logo na Universidade participei nos órganos reitores da mesma, como membro electo polos meus compañeiros. Mais tarde, fun Responsable Local do BNG de Xunqueira de Ambía, formando un grupo deica entón inexistente, e membro do consello comarcal de Allariz/A Limia. Impulsei a creación dunha "Lista Aberta" como militante do Encontro Irmandiño, cun notable éxito nas eleccións internas de 2009. Culminado aquel proceso asembleario abandonei a militancia do BNG e o EI. En 2011 fíxeme militante de EQUO e participei na campaña as eleccións xerais, formando parte da lista ao Senado pola provincia de Ourense. Logo deixo de participar nesta organización por desavinzas cos responsables da mesa xestora ourensá e pola falta de transparencia, coherencia, democracia e honorabilidade. Respecto a miña formación son Licenciado en Dereito e (case) Licenciado en Ciencias do Traballo e, como moitos paisanos máis, desempregado.

Foto (opcional)**Nome****Provincia****Presentación persoal****Vinculación con EQUO****Razóns para presentarse****Xesús Cintas Alonso**

Ourense

Estudante de Dereito, achegueime a EQUO na primeira xuntanza feita en Ourense, despois de formar parte activa do 15M na cidade. Convencido, dende ideas eco-republicanas, do grande esquezemento da “esquerda verde” na nosa política, acudín a chamada para tentar mudar o sistema co que funciona a nosa sociedade actual, modificando tamén a conzencia coa que o home interactúa co seu entorno. Participei na Equomunidade, deixando a través dela unha proposta que foi recollida no pasado programa electoral do noso partido (Nº 68 Transparencia política / Anti-corrupción).

Nembargantes, nas xuntanzas do grupo de Ourense, producíronse feitos que nada teñen que ver coa limpeza e transparencia política recollidas no noso ideario. Obxetivamente podo dicir que nin sequera se respetaron as regras do xogo democrático, padecendo que a miña candidatura a mesa provincial, presentada en tempo e forma, fose ignorada sin dar explicación algunha (podo aportar datos), tra-la renuncia presentada por un dos membros. Por estes feitos afasteime completamente do grupo, aínda que pertenzo a EQUO co número de socio 2565.

Confiando nun mellor proceso democrático, levado a diante por persoas máis competentes nesta ocasión, pídoche o voto pra a miña candidatura, baixo unha bandeira “verde esperanza” de loita contra as inxustizas, alá donde queira que estas se produzan.

**Emilio José Padrón González**

Ourense

Son informático e traballo investigando e dando clase na Facultade de Informática da Universidade da Coruña.

Levo colaborando con EQUO desde que se montou EQUO Ourense, fai aproximadamente un ano. Tamén colaboro no que podo con EQUO Coruña, onde resido durante a semana (fines de semana case sempre en Ourense).

Non teño ningunha experiencia política anterior a EQUO, aínda que si teño vinculación desde fai anos con distintas asociacións, sobre todo en relación con temas de Software Libre e estándares abertos. Un dos meus obxectivos é o de acadar algún día que en EQUO Galicia a xente deixe de mandarme por e-mail arquivos en formatos propietarios pechados

;-P

Foto (opcional)

Nome

Provincia

Presentación persoal

Vinculación con EQUO

Razóns para presentarse

Alberto Cremades Díaz

Ourense

Hola, son Alberto, teño 37 anos e nacín nesta tranquila cidade das Burgas pola que presento a miña candidatura. Son diplomado en Ciencias da Educación e Licenciado en Historia e Ciencias da Música. Exercín varios anos de educador e tiveron unha empresa durante sete anos relacionada co cultivo orgánico. Dende fai uns anos estiven formándome no ámbito das terapias naturais, profesión da que tento vivir na actualidade. Son unha persoa profundamente disgustada coa política actual dos grandes partidos e co sistema salvaxe e capitalista no que vivimos, defensor do ecoloxismo e a sustentabilidade como modo de vida, e penso que bo comunicador.

Dende as pasadas eleccións xeráis, formo parte simpatizante de Equo Ourense, tendo traballado moito na campaña tanto a pé de rúa como en todos os actos convocados por Equo: asambleas, charlas informativas, roteiros pola provincia, etc. Así mesmo, formei sempre parte activa nas diferentes manifestacións as que acudiu Equo Ourense, e estiven presente na primeira asamblea de Equo Galicia en Compostela.

Básicamente son dúas. Porque síntome comprometido co ideario político de Equo e as ilusións de entrar no parlamento galego, e porque na nosa cidade de Ourense somos tan poucos que non temos outra opción que presentarnos.



Millán Brea Castro

Ourense

Chámome Millán, e son educador social. A miña profesión lévame a cuestionarme a importancia de traballar pola equidade social, e por iso son simpatizante de EQUO.

Chámome Millán, e son educador social. A miña profesión lévame a cuestionarme a importancia de traballar pola equidade social, e por iso son simpatizante de EQUO. A principal razón da candidatura é colaborar co partido para poder presentarnos a unhas eleccións claves no futuro tanto da nosa terra, como no resto do Estado. Neste caso, a posible coalición de esquerdas ten que ser máis que atractiva para o eleitorado, pero sendo sempre EQUO un referente para aquelas persoas que desexen un partido novo como unha alternativa seria. A miña candidatura quere simplemente apoiar o traballo feito por todos/as compañeiros/as durante estes meses de vida de EQUO en Galicia e Ourense, tratando de aportar os meus coñecementos no traballo social e educativo.

Foto (opcional)

Nome

Provincia

Presentación persoal

Vinculación con EQUO

Razóns para presentarse

César Rey Vázquez

Pontevedra

Activista en favor dos dereitos das persoas con discapacidade. Desempregado dende nen se sabe cando. Amo de casa, con dous fillos pequenos. Discapacitado. Formación académica Graduado Social. Se ben estou convencido que a sociedade cambia de abaixo-arriba (primeiro son escolas, movementos en prol da cultura e da súa difusión, rede de empresas sociais, medios de comunicación con información que expliquen a realidade na que nos movemos, asociacións e plataformas cidadáns cara un obxectivo común...), tamén creo que hai que involucrarse nos foros de poder (polo menos para poder vixialos no que se poda) e ir poñendo un grao de área cara a unha democracia plural. Non estou de acordo en que EQUO se coalicione con Esquerda Unida e por eso tamén me move a presentarme (para facer o posible para non perder a identidade e que o peixe pequeno sexa comido).



Serafin Valencia Triviño

Pontevedra

Técnico Superior en electrónica, Experto Profesional en Enerxía Solar Fotovoltaica (UNED, 2005), encargado de planta externa e profesor interno de Telefónica. Resido desde 1981 en Vigo, agás 15 meses destinado en Cádiz.

Afiliado a Comisións Obreiras en 1986, fun membro do comité de empresa, do comité de Seguridade e Saúde e da Xunta de Economatos da empresa en Madrid.

Socio desde 1988 do clube Montañeiros Celtas, onde practico espeleoloxía, pertencín á xunta directiva do club e á Federación Galega de Espeleoloxía, que presidín nos anos 2007 e 2008, formando parte da Federación Española de Espeleología.

En 2006 presentei un relatorio no I Congreso de Espeleoloxía de Galicia, sobre a substitución da iluminación

En outubro de 2010, mentres estaba en Cádiz, souben da creación da Fundación EQUO, identifiqueime co manifesto e en febreiro fixenme socio. Acudín a reunións informativas de EQUO en Sevilla. Tamén participei nas manifestacións do 15M e 19J, solidariceime cos indignados e entrei na asemblea de barrio Juan de la Cierva (Cádiz). Manténdome informado da actividade de EQUO en Galicia, acudín ás asembleas de formación do partido en Puerto Real e entrei a formar parte da Mesa Provisional de EQUO Cádiz. En xuño acudín á presentación oficial de EQUO en Madrid. No verán de 2011 participei na concentración para protestar pola excesiva iluminación nocturna das praias de Cádiz.

Asistín á Asemblea Constituinte de outubro de 2011 en Ribas Vaciamadrid.

En xaneiro de 2012, de regreso en

Tras seguir con interese os desastrosos resultados do cume de Copenhague, penso que os políticos actuais non teñen interese real por salvar a Terra do desastre ecolóxico e social ao que está abocada. Estou disposto a poñer o meu máximo esforzo persoal para remedialo.

Comprometido con EQUO, e consciente da necesidade de traballar pola súa causa, xa nas pasadas eleccións xerais de 20N presenteime nas listas de EQUO por Cádiz, axudei na recollida de firmas, acudín a asembleas, manifestacións, actos electorais, mitins... todo iso reafirmoume na necesidade de seguir contribuíndo ao éxito do partido.

Por iso decidín agora presentarme como candidato ao Parlamento Galego, disposto a realizar o meu maior esforzo para que EQUO poida influír no cambio político e social que a nosa terra precisa.

EQUO necesítanos, e eu decidín arrimar o lombo.



Foto (opcional)	Nome	Provincia	Presentación persoal	Vinculación con EQUO	Razóns para presentarse
	José Francisco Vicente Rodríguez (Kico)	Pontevedra	<p>con carburo por díodos de alta potencia, non contaminantes, nas exploracións subterráneas.</p> <p>Membro de Greenpeace desde 2006, traballo como voluntario no grupo local de Pontevedra.</p>	<p>Vigo, acudín a I Asemblea de Equo Galicia. Desde maio formo parte da súa Mesa.</p> <p>En xullo participei no I Congreso de EQUO.</p>	<p>EQUO GALICIA VAI!!!</p> <p>O certo é que non atopo razóns para o contrario. A decepcionante actuación dos políticos actuais cas súas nefastas políticas, a perda de logros sociais e laborais, o futuro incerto (con certeza negro), a pasividade social (preocupante no caso dos máis xoves), a inmunidade dos políticos visiblemente corruptos... Razóns, sóbranos a todos.</p> <p>Na política o realmente importante é a transparencia e que decida o pobo.</p>
	Jose Emilio Torrado Bula	Pontevedra	<p>Eu son o peor candidato que poida ser presentado, un mal político, porque eu non son político. Son un EQUO convencido</p>		<p>Estou concorrendo a EQUO porque o planeta TERRA é o principal, os DEREITOS HUMANOS fundamentais, a IGUALDADE, EQUIDADE, imprescindibles, e un cambio na economía e política, (ECONOMIA SOSTENIBLE e DEMOCRACIA REAL) inalienable.</p>
	Dolores Tobío Sueiro	Pontevedra	<p>Chámome Loli Tobío Sueiro, teño 32 anos, son de Vigo e arquitecta de profesión.</p>	<p>Desde as primeiras novas na prensa fun seguindo os pasos da formación de Equo como fundación, e logo, desde as primeiras xuntanzas en Galicia participei aportando o meu gran de area a este proxecto.</p>	<p>Preséntome porque Equo é un partido político. Estamos aquí para facer que as cousas muden desde as institucións. Precisamos da axuda de todas e todos os que estamos neste barco para ir acadando as nosas metas a través da ecoloxía política e da equidade social. Tamén gustaríame aclarar que non dispoño de moito tempo para adicarme á campaña, polo que me vexo obrigada a expoñelo nesta presentación para que teñades en conta na vosa reflexión.</p>

Foto (opcional)**Nome**

María Agustina Parceró Pereira (Tina)

Provincia

Pontevedra

Presentación persoal

Licenciada en Xeografía e Historia por Santiago de Compostela, Técnico Especialista de Bibliotecas na Universidade de Vigo desde o ano 1993. Tradutora técnica e literaria desde 1999.

Gústame o monte e a natureza, e desde o ano 1993 son socia do Club Montañeiros Celtas, onde practico espeleoloxía e sendeirismo.

Hai 8 anos que amadriño un neno peruano con Osteoxénesis Imperfecta (ósos de cristal), ao que axudo a pagar o seu tratamento.

Vinculación con EQUO

Coñezo EQUO dende o seu comezo e creo nos seus ideais e nos fins que perseguo, por iso me fixen simpatizante a principios do ano 2011. Nas pasadas eleccións xerais estiven botando unha man coa recollida de firmas, e tamén na rúa pedindo o voto nas mesas que se puxeron en Cádiz, cidade na que estiven residindo pouco máis dun ano. Xa de volta en Vigo asistín a algunha reunión de EQUO, e sigo con interese a creación de EQUO Galicia.

Razóns para presentarse

Consciente da importancia das vindeiras eleccións á Xunta de Galicia, quero implicarme dun xeito máis importante no proceso e estou disposta a aportar o meu graño de area para que a construción de EQUO Galicia sexa posíbel.

Miguel Lima Medín


Pontevedra

galego consciente de que este sistema hai que cambialo

socio

hai que encher as listas

Xiana García Freire



Pontevedra

Xiana García Freire, 22 anos, Pontevedra. De 2007 a 2009 tiveron unha beca para estudar o Bacharelato Internacional no CMU Costa Rica, e dende 2009 teño unha beca para estudar en Cornell University, EEUU. Alí estudei dúas carreiras (Botánica e Ciencias Agrarias). Fixen dous anos de universidade (quédanme dous máis) e logo decidín tomar un tempo sabático para filmar un documental histórico e social sobre o papel do gando no sistema tradicional galego de aproveitamento do monte.

Estes son algúns exemplos do meu activismo social, que se centra na promoción da diversidade e da equidade: son equitarista de xénero (feminista, masculista, activista trans...) e defensora da sexodiversidade (formo parte da Organización Internacional Intersexual); defendo a liberdade afectiva e sexual; estou no Foro de Vida Independente, que loita pola integración das persoas con diversidade funcional ("discapacidade")... ah, e tamén son neofalante a tempo completo de galego dende os 15 anos.

Estou en EQUO Pontevedra practicamente dende os seus inicios, e tiveron responsabilidades en EQUO a tódolos niveis. En marzo deste ano tiveron unha serie de circunstancias familiares e persoais que requiriron que me afastara de EQUO, pero estou de volta con máis forza ca nunca. Entre setembro e marzo tiveron responsabilidades a nivel:

- Provincial: participei na campaña do 20N (recollendo avais, facendo o noso vídeo de campaña, sendo candidata ó Congreso), formei parte da Mesa de Pontevedra antes e despois das eleccións (facendo funcións de coordinación e comunicación), axudei a redactar os nosos Estatutos provisionais.

- Galego: estiven presente no proceso de creación de EQUO Galicia, coordinando a redacción de parte dos Estatutos e sendo parte da Mesa Promotora durante un breve período.

- Federal: fun coportavoz da asemblea de Pontevedra na Mesa Federal, e tamén fun votada por equoxente de toda España para formar parte da Comisión Xestora.

Deféndome ben no aspecto medioambiental (especialmente agricultura ecolóxica e manexo do monte) e cultural (son galeguista, firme defensora dos nosos dereitos lingüísticos e promotora da posta en valor do noso patrimonio cultural). Ademais, como se pode ler na miña presentación persoal, teño coñecementos e propostas en eidos que se atopan fóra do rádar da maioría de EQUO Galicia (especialmente toda a parte pola diversidade e equidade de sexo, xénero, sexualidade, amor e familia).

Dun xeito máis superficial, pero que podería ser importante para o electorado, a miña narrativa vital chamaría a atención por ser, probablemente, única no panorama destas eleccións: son unha muller nova, que vén do ecoloxismo e dos movementos sociais, neofalante de galego dende os 15 anos, e que a pesar de levar dende os 17 vivindo no extranxeiro e nun ambiente sempre multicultural, non esquece o seu idioma nin a realidade e os problemas da súa matria.